

# Actividades para proxectos | Bloque 2 : Creación de contidos

Secundaria. 12 a 15 anos

## Cómics con historia



**Educación Secundaria**


12 a 15 anos



**Nivel**

Medio

### Temporalización



10 sesións

o Fase 1: 2 sesións

o Fase 2: 6 sesións

o Fase 3: 2 sesións



**Socios**

2 socios

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

En equipos internacionais os alumnos crean cómics dixitais baseados en historias reais e acontecementos históricos. Para isto:

- o Buscan, seleccionan e analizan unha historia real ou acontecemento histórico sobre un tema proposto polos docentes no que basearán os seus cómics.
- o Os grupos de cada país contan unha mesma historia en forma diario persoal e de cómic dixital pero narrados desde un punto de vista diferente ó resto dos seus compañeiros de equipo.

- As análises, diarios e cómics publicaranse nunha revista dixital colaborativa.

## OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

- Buscar, seleccionar e analizar historias reais e acontecementos históricos sobre diferentes temas desenvolvendo destrezas de razonamento crítico, de expresión escrita e a creatividade.
- Transformar esta información creando un cómic dixital traballando en equipos internacionais desde diferentes perspectivas.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### Fase 1: Preparación

#### Paso 1: Formación de equipos internacionais

1. Os docentes abren un foro 1 “*TRABALLO EN EQUIPO*” para formar equipos internacionais proponendo seis temas sobre os que teñen que buscar, seleccionar e analizar unha historia real para que podan contala desde dous puntos de vista diferentes.



2. Os grupos nacionais de cada país escriben no fío do tema que máis lles interese sempre que non respondera antes outro grupo da mesma nacionalidade. Os docentes informan de que un equipo internacional xa está formado cando un tema conta cun grupo de cada país.



3. Os docentes crean unha páxina principal 1 “*EQUIPOS DE TRABALLO*” con instrucións sobre as actividades programadas, unha táboa cos temas e nomes dos grupos que forman o nome do equipo.



4. Nesta páxina principal 1 créase unha subpáxina para cada equipo que inclúe instrucións, un foro para comunicarse e un documento compartido de Drive para elaborar as tarefas en común.



## **Paso 2: Creación de contas de equipo para o cómic**

Os docentes asignan un nome de usuario a cada equipo internacional e un contrasinal para que os alumnos podan usar Pixton sen necesidade de rexistrarse.



## **Fase 2: Desenvolvemento**

### **Paso 1: Busca e selección de historias**

Cada grupo nacional busca e selecciona historias reais do tema elixido. Usan o tema de discusión do seu equipo no foro 1 para compartir ideas e chegar a un acordo sobre qué historia narrar e desde qué punto de vista a contará cada grupo.



### **Paso 2: Análise da historia**

Os equipos internacionais analizan a historia seleccionada escribindo no documento compartido na súa subpáxina de equipo. Picar [aquí](#) para acceder a unha plantilla deste documento.

### **Paso 3: Elaboración do diario**

Cada grupo nacional escribirá un diario do personaxe elixido da historia en común no documento compartido do seu equipo.

### **Paso 4: Elaboración de guión gráfico**

No mesmo documento os grupos deben elaborar un guión gráfico sobre a historia que van narrar no que inclúen: o narrador, escenarios, personaxes, texto, conflito, solución e mensaxe final.

## Paso 5: Creación do cómic

Cada grupo crea un cómic dixital para ilustrar o seu diario coa aplicación de Pixton usando un nome de usuario e contrasinal asignado ó seu equipo internacional.

## Fase 3: Posta en práctica

### Paso 1: Publicación de historias, diarios e cómics

1. Os profesores crean unha revista dixital na aplicación de Madmagz e facilitan un enlace colaborativo que insertan nas subpáxinas de cada equipo.



Tutorial de Madmagz

2. Créase unha enquisa en Tricider para que os alumnos suban unha proposta de portada creada por eles mesmos para a revista describindo a imaxe. Incrústase esta enquisa nunha páxina principal 2 “A NOSA PORTADA”.



3. Os alumnos votan pola súa imaxe preferida e aportan argumentos a favor ou en contra. Picar [aquí](#) para ver un exemplo desta actividade levada a cabo no proxecto eTwinning “Interacteen T.E.A.M.”.



4. Cada grupo sobe a esta revista un artigo coa análise e fonte das súas historias reais, o diario e o cómic que copian do documento compartido do equipo. Cada equipo debe usar un mesmo contrasinal para entrar no enlace colaborativo facilitado polos profesores na súa subpáxina. Picade [aquí](#) para ver un exemplo da revista que inclúe un artigo de alumnos europeos dentro do proxecto eTwinning “Interacteen T.E.A.M.”



### **Paso 2: Difusión da revista**

- Os docentes abren unha páxina principal 3: “REVISTA DIXITAL” para incrustar a revista no Twinspace.



### **Paso 3: Valoración do traballo**

1. Los docentes crean unha páxina principal 4: “VALORACIÓN FINAL” na que insertan un muro dixital de Padlet para avaliar o aprendido.



2. Despois de ler os artigos, diarios e cómics, coméntanos neste muro incluíndo o que aprenderon, qué historia lles pareceu máis interesante e felicitando ós seus compañeiros polo traballo realizado.



### **PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)**

Revista dixital con artigos, diarios e cómics baseados en historias reais.

### **FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS**

- Twinspace: diario de proxecto, foro, páxinas do Twinspace
- Aplicación para facer cómics en liña: [Pixton](#) ou [StoryboardThat](#)
- Muros dixitais: [Padlet](#) ou [Dotstorming](#)
- Enquisa dixital: [Tricider](#)
- Aplicación para revista dixital: [Madmagz](#) ou outra aplicación favorita

## **EXEMPLO(S) DE ACTIVIDADES EN PROXECTOS REAIS (EXEMPLOS DE BOAS PRÁCTICAS)**

- **Twinspace do proxecto “Interacteen T.E.A.M.”:** <https://twinspace.etwinning.net/10393/home>
- **Cómics colaborativos con Pixton:** <https://Pixton.com/es/:6zn9bpkt>
- **Cómics sobre refuxiados:** <https://madmagz.com/magazine/780549#/page/20>
- **Documento compartido de equipo:** [https://docs.google.com/document/d/19grhzmzSE5hmBbMDxrF865xrk03DJ\\_ijMs8I1UtiCEI/edit?usp=sharing](https://docs.google.com/document/d/19grhzmzSE5hmBbMDxrF865xrk03DJ_ijMs8I1UtiCEI/edit?usp=sharing)
- **Enlace ó Twinspace creado para a actividade:** <https://twinspace.etwinning-training.net/10302>